

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

RESOLUCIÓN do 18 de xullo de 2022, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se declaran, con carácter definitivo, as persoas aspirantes admitidas e excluídas e se nomea o tribunal cualificador do proceso selectivo, polo sistema de concurso, para o acceso á condición de persoal fixo da categoría de facultativo/a especialista de atención primaria.

Mediante Resolución do 18 de abril de 2022, da Dirección Xeral de Recursos Humanos (*Diario Oficial de Galicia* núm. 80, do 27 de abril) convocouse o proceso selectivo, polo sistema de concurso, para o acceso á condición de persoal fixo da categoría de facultativo/a especialista de atención primaria.

A Resolución do 13 de xuño de 2022 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 118, do 21 de xuño) declarou con carácter provisional as persoas aspirantes admitidas e excluídas no proceso selectivo.

A base sexta da resolución de convocatoria establece un prazo de emenda para as persoas que, tendo presentado debidamente a solicitude de participación no proceso, non consten como admitidas nin excluídas na relación publicada, así como para poder corrixir o defecto que motivou a exclusión.

Na base sétima da dita resolución dispónse que o tribunal cualificador será nomeado pola autoridade convocante e publicarase para este efecto a oportuna resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Logo de finalizado o prazo de emenda previsto na base sexta e de conformidade coas bases sexta e sétima da resolución de convocatoria, esta dirección xeral, como órgano convocante do proceso,

ACORDA:

Primeiro. Declarar, con carácter definitivo, os/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo, polo sistema de concurso, para o acceso á condición de persoal fixo da categoría de facultativo/a especialista de atención primaria, convocado pola Resolución do 18 de abril de 2022.



Segundo. As listas coa relación definitiva de admitidos/as e excluído/as, con indicación do motivo de exclusión, poderanse examinar na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

Ademais, o estado de cada solicitude pode ser consultado polo/a solicitante no seu expediente electrónico persoal en Fides/expedient-e/sección de procesos.

Terceiro. Nomear, con efectos da data da presente resolución, os membros do tribunal, titulares e suplentes, que vulgarán o proceso selectivo, polo sistema de concurso, para o ingreso, na categoría de facultativo/a especialista de atención primaria (quendas de acceso libre, promoción interna e discapacidade xeral), convocado pola Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, do 18 de abril de 2022, e que se relacionan no anexo desta resolución.

Cuarto. Declarar de aplicación a este proceso as normas de funcionamento e actuación dos tribunais e do persoal colaborador, negociadas e aprobadas na Mesa Sectorial de Sanidade, que sexan de aplicación atendendo ás particularidades do proceso, así como o Protocolo de medidas de seguridade e organizativas no desenvolvemento dos procesos selectivos do Servizo Galego de Saúde fronte á pandemia da COVID-19 autorizado pola Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade, á disposición das persoas interesadas na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

Quinto. Contra esta resolución as persoas interesadas poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co disposto nos artigos 8.2 e 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Potestativamente, e con carácter previo, poderán interpor recurso de reposición, ante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun (1) mes contado desde a mesma data.

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2022

Ana María Comesaña Álvarez
Directora xeral de Recursos Humanos



ANEXO

Facultativo/a especialista de atención primaria.			
Presidenta titular	María Sinda Blanco Lobeiras	Persoal estatutario licenciado sanitario	Médica de familia de atención primaria
Secretaria titular	Esperanza Rodríguez Cabo	Persoal estatutario de xestión e servizos	Grupo técnico da función administrativa
Vogal titular	María Blanca Cimadevila Álvarez	Persoal estatutario licenciado sanitario	Médica de familia de atención primaria
Vogal titular	Cristina Pérez Féas	Funcionaria Lei 17/1989, do 23 de outubro	Farmacéutica Inspectora de Saúde Pública
Vogal titular	Alfonso Alonso Fachado	Persoal estatutario licenciado sanitario	Médico de familia de atención primaria
Presidenta suplente	Cristina Otero Bouzada	Persoal estatutario licenciado sanitario	Médica de familia de atención primaria
Secretario suplente	Alberto Jesús López Suárez	Persoal estatutario de xestión e servizos	Grupo técnico da función administrativa
Vogal suplente	Manuel Portela Romero	Persoal estatutario licenciado sanitario	Médico de familia de atención primaria
Vogal suplente	María Teresa Rey Liste	Persoal estatutario licenciado sanitario	Médica de familia de atención primaria
Vogal suplente	Gabriela Alejandra González Losada	Persoal estatutario licenciado sanitario	Médica de familia de atención primaria

